



BRANA

BOLETIN DA SOCIEDADE
GALEGA DE
HISTORIA NATURAL

N.º 1

1978

CONSELLO DE REDACCION

Areses Trapote, M.^a Luisa

Dep. Fisioloxía Vexetal
Universidade de Santiago

Rodríguez Babio, Celso

Dep. Zooloxía
Universidade de Santiago

Freire García, Luis

Dep. Botánica
Universidade de Santiago

Varela López, Tito

Dep. Antropoloxía
Universidade de Santiago

Freire Rama, Manuel

Dep. Bloquímica
Universidade de Santiago

Vázquez Varela, José M.

Dep. Prehistoria
Universidade de Santiago

Macías Vázquez, Felipe

Dep. Edafoloxía
Universidade de Santiago

Valadé del Río, Emilio

Dep. P. Xenética
Universidade de Santiago

DIRECCION: Díaz-Fierros Viqueira, Francisco

Editado pola SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

Apartado 330. Santiago de Compostela (A Cruña)

Publicación semestral.

Precio do exemplar: 250 pts.

Suscripción anual: 450 pts.

Dep. Legal: C. 907/77

Imprime: Litografías 3C, s.l. - Santiago, 1978

índice

	Páxinas
EDITORIAL	1
As seccións de "Braña"	1
Reflexions sobor do medio natural terrestre en Galicia	1
CIENCIA E SOCIEDADE ..	6
Unha volta a investigación do mar galego <i>Uxío Labarta</i> ..	6
TRABALLOS	16
Síntesis sobre los yacimientos auríferos ga- llegos <i>X. Nespereira Iglesias</i>	18
Macromicetes en Galicia: Otoño 1975 - In- vierno 1976 <i>J. Ma^a Losa Quintana, L. Freire García</i> ..	50
Contribución al estudio de las poblaciones de arañeidos (<i>Lycosidae</i> y <i>Disderidae</i>) en el monte ¹ Pedroso (Santiago de Compostela) me- diante coeficientes de asociación <i>L. Díz Miron, J.C. Otero González</i>	75
<i>Anas crecca</i> , especie nidificante en la Pe- nínsula Ibérica. Las Gándaras de Budiño. <i>F. Barcena</i> ..	94
Grupos sanguíneos (ABO) en la provincia de Lugo. Frecuencia de los mismos y de sus ge- nes determinantes. <i>E. Valadé del Río, M.C. Díaz Garzón, A. Ló- pez de Prado Vañez, I. Cepeda Vidal</i> ...	108

CIENCIA SIN FRONTEIRAS	118
O problema da influencia das especies forestais na evolución do solo	118
PUBLICACIONES	121
Ecología	
<i>Margalef</i>	
A Lonxa, As Gandaras e Brañas, Os arbres de Ga- licia	
<i>ALBE-Galicia</i>	
Pastos de la provincia de Pontevedra	
<i>E. Veitez, R. Fábregas</i>	
ESPACIOS NATURAIS	124
Estudio preliminar sobre posibles zonas protegi- das en Galicia	
<i>Departamento de Edafología y Sección de Avifauna de la Universidad de Santiago</i>	
CRONICA	128
BIBLIOGRAFIA	130

AS SECCIONS DE BRANA

Neste número do Boletín temos xá unha primeira aproximación de estruturación do mesmo, tal como xá se sulñara no numero anterior, aparecendo aquí as diferentes seccions coas que se tenta diversificar e clasificar organicamente o contido da revista pra así facela mais lixeira e racional. Polo de agora estas seccions son as seguintes: *Editorial*, onde se quere recolle-la problemática na que se inscribe o que facer cotián da Sociedade Galega de Historia Natural; *Ciencia e Sociedade*, onde se prantexan as cuestións mais novas da proxección da ciencia sobor da sociedade galega en particular, e a universal, en xeral; *Traballos*, na que se axuntan os de mais densidade científica, e que polo mesmo ven se-lo núcleo fundamental do Boletín; *Ciencia sin fronteiras*, recolle en sínteses ou resume traballos feitos fora do Estado pró que teñen unha importancia especial pró coñecemento ou mellor entendemento da realidade do medio natural galego; *Publicacións*, son resúmenes comentados dos libros ou monografías publicadas recentemente e que teñan por tema a Historia Natural do País; en *Espacios Naturais* recolleráse un traballo científico que teña como obxectivo o estudo dun espazo natural galego concreto dun xeito integrador, e por iso escolleráse de preferencia aqueles que teñan unha nidia vocación interdisciplinar na súa metodoloxía; *Crónica*, recolle noticias ou avisos da Sociedade ou de interés xeral prós socios da mesma; e a *Bibliografía*, en derradeiro termo procura sintetizar concisamente por unha banda, aquelas publicacións feitas nas revistas do Estado que teñan por obxecto o medio natural galego, e pola outra as tesinas lidas nas facultades universitarias galegas que teñan por temas obxectivos mais ou menos semellantes.

REFLEXIONS SOBOR DO MEDIO NATURAL TERRESTRE EN GALICIA.

O concepto de "medio natural".- Nas polémicas que nestes derradeiros anos, se veñen sucedendo sobor

do problema da contaminación no País, estáse a barallar de cotío o concepto de "medio natural" como algo que a Natureza nos deixou como herdanza de milleiros de anos e que o home non fai mais ca estragar coa súa actividade explotadora. Sobre todo cando esta entra de cheo no que se entende como actividade industrial.

Mais, con todo, o concepto aínda que moi manexado, non é nada doado de definir e aínda menos de interpretar dentro do seu significado cumpridamente polivalente. Primeiramente, o mesmo concepto non é algo estático e inamovible, senon que é levado da evolución que abrangue todo o vivinte e polo tanto sofre a corresponden transformación histórica. E así, como exemplo temos que se ben é certo que hoxe día o xenero *Pinus* non parece formar parte do noso ecosistema natural, está xa ben probado que hai uns poucos milleiros de anos tiñamos agromando por todos os montes do País o *Pinus silvestris* e quizabes que tamén na súa parte máis meridional o *Pinus pinea*. O cambio climático que veu despois, unido o traballo explotador do home neolítico foron os que deron boa conta destas masas forestais, que ben certo é que eran daquela xenuinos representantes do noso "medio natural". Co castiñeiro acontece algo parello: no paleolítico non o tiñamos, na cultura neolítica e sobre todo nos tempos romanos xa aparece por todo o País ata o dazanove, en que a praga da "tinta" vai finando con el. Dende a nosa perspectiva de hoxe día ¿é máis natural o seu xurdimento grazas a man do home neolítico ou a súa desaparición pola actividade da praga? Certamente non é doada a resposta.

O equilibrio do "medio". - Con todo iso vemos xa a realidade que ten o concepto de "medio natural" cando se entende como algo estático e inamovible. Máis real e de acordo coa teoría ecolóxica é o interpretalo "medio" como algo en continuo equilibrio -feito e desfeito o traveso do tempo- cunha morea de factores que tampouco son estables é que o condicionan. Cando segundo esta perspectiva se estuda este equilibrio decatámonos que un dos seus factores decisivos, sobre todo o achegármolos ós tempos históricos, é a actividade humana: primeiramente cunha agricultura incipiente e sinxela de "estivadas", despois xa nun perfeccionamento crecente, co cultivo cerealista, coa agricultura de "tres leiras", etc. Parelamente, xorde a actividade industrial que xa de un xeito máis radical enceta a explotación esixente e intensiva do noso medio natural. Neste papel do home como factor da evolución do medio, pódese sinalar que na súa primeira etapa, a que poderíamos chamar de "explotación agrícola", coidouse moito, pola conta que

lle tiña, de manter un certo equilibrio co medio desenvolvéndolle unha boa parte da fertilidade que lle arrincaba. O que xa non parece tan claro é que nos tempos actuais de "explotacion industrial" do medio, o equilibrio é algo pescudado, e inda menos acadado, polo home.

Compre polo tanto profundar nos termos deste equilibrio (??) do medio de cara a unha explotación industrial do mesmo. Partindo do feito indiscutible de que o home ten que explota-lo medio no seu proveito temos que admitir de principio unha certa alteracion do mesmo. Alteracion que non ten por que ser necesariamente unha degradacion ou dexeneracion, e así pódese afirmar que tanto son sistemas en equilibrio a fraga da Rogueira no Caurel coma as explotacións de millo e patacas do País cando nelas se lle devolve a terra a súa fertilidade coas cantidades de esterco que eran tradicionais na agricultura galega. E cicais tamen unha explotación forestal con especies de medra rápida, cando os "aclareos" se fan de tal xeito que o seu ritmo de extracción de nutrientes se xa mais ou menos coincidente co de rexeneracion dos mesmos no solo pola alteracion natural do material orixinal.

O problema esta, polo tanto, no na alteracion do medio, senon na conservacion no mesmo dun certo equilibrio entre as perdas e ganancias de materiais.

A explotación intensiva do medio. - Parece estar ben claro po-las experiencias que se coñecen que os meirandes ritmos de extracción das mais esixentes agriculturas intensivas podense compensar engadindo unha axeitada cantidade de abono. O mesmo tempo, nas terras de vocacion forestal non parece que as "cortas" leven o ritmo de rexeneracion natural do solo, polo que se fala tamen do emprego masivo de fertilizantes pra facer cara a demanda crecente de madeira. E decir, que o equilibrio do medio nun reximen de explotación intensiva do mesmo pódese acadar co emprego masivo de fertilizantes, o que conlevaria a existencia dunha infraestructura industrial mínima prá súa manufacturación, ou a dependencia total do mercado extranxeiro. E aqui xorde o gran problema, a posibilidade dun autoabastecemento en fertilizantes. No caso dos nitroxenados as posibilidades teoricas existen, e as veces tamen as reais (ahí temo-lo complexo Das Pontes) mais no caso dos fosfatos a dependencia é indiscutible con respecto as compañías transnacionais que os comercializan. E aínda que fora certamente acougante falar da solidariedade internacional no caso deste produto, mais necesario pra supervivencia da nosa sociedade có mesmo petroleo (!ollo o da-

to!) o certo é que non acontece así, e as leis do mercado libre do "tanto o necesitas tanto mais che cobro" funcionan á perfeccion cos monopolios dos fosatos.

Polo tanto unha intensificación da explotación do medio leva parella unha dependencia meirande do mercado mundial dos fertilizantes, é dicir a imposibilidade dun abaratamento dos mesmos, o que se traduciría nunha medra rápida dos desequilibrios sociais en correlación ca medra do produto bruto (ahí temos como exemplo as "revolucións verdes" da India e do Paquistán). Compre po-lo tanto matinar noutros mo delos de desenvolvemento diferentes o capitalista, e as veces socialista, da "meirande produtividade" e nos que a pescuda do equilibrio non sería só a nivel do "medio natural" senon tamen, e sobre todo, do que se entende como "medio ecosocial".

Alternativas intermedias de desenvolvemento.- Nelas parece que o obxectivo non é tanto a meirande produtividade ou calidade do produto, se non algo que, in^{da} que non ben definido aínda, se coñece máis ou menos como "alternativas intermedias" de desenvolvemento e nas que o espazo económico esquece en certo xeito a perspectiva universalista das transnacionais pra se concretar en extratexias máis rexionalizadas (no seu xeográfico do termo) e aínda comarcalizadas. Nelas as tecnoloxías a empregar teñen que esquecer o seu clásico obxectivo do máximo PNB pra se concretar noutros, cales poden ser os que define a "biotecnoloxía" do grupo americano da *Radical Agriculture* sobor das bases de que:

- a) a súa meirande eficacia de funcionamento seña cara as capas máis probes da sociedade.
- b) seña comprensible e utilizable pola xente de baixa cultura.
- c) consinta na evolución de pequenas comunidades descentralizadas, é
- e) se poida facer a nivel local e que eixixa cantidades relativamente cativas de axuda financeira.

En Galicia aínda esta por se definir cal pode ser-lo seu modelo "alternativo" de desenvolvemento, máis nesta liña andan a traballar equipos de especialistas dos que podemos agardar orientacións clarificadas.

Baixo estas novas perspectivas a explotación do medio remítese a unhas coordenadas onde o equilibrio

do espacío económico é a súa lei básica, e dende ela participase no intercambio mundial. Non se arreda do comercio transnacional, se non que este se practica dende unhas bases dunha meirande autoafirmación e integración rexional. E pola experiencia que se ten de outros eidos estes modelos son moito menos esixentes cō "medio natural", e os problemas da súa explotación que hoxe vemos agromar con certo medo, non chegan nunca a acadar niveis abraiante.

A contaminación industrial. - Pra remate deixamos adrede o problema da contaminación do medio de orixe industrial, que tantos regueiros de tinta fai correr. En Galicia hai exemplos recentes dos que temos cumprida información polos medios habituais de difusión (celulosas, nucleares, termicas, embalses, etc.) e nos que se prantexa dun xeito directo o problema da agresión destas industrias ó medio acuático en primeiro termo, e secundariamente, ó terrestre. Con eles pódese decir que deixando a unha veira a problemática do medio acuático (moi complexa e grave, e prá que tiñamos que lle adicar outra Editorial de extensión semellante), no caso do terrestre, teñen aínda unha importancia relativa se facemos comparación cos problemas que se prantexarian caso dunha explotación irracional do medio polas actividades agrícola ou forestal. Estas abrangerían a meirande parte do País, mentras que as outras farían só sobor duns cantos miles de hectareas. E se pódese permitir unha certa taxa de contaminación nas terras de ocupación industrial, débese ser esixentes o máximo pra acadar unhas extratexias equilibradas pra agricultura e selvicultura do País. E de aquí tamen, e xa se remata, a necesidade urxente dunha "ordenación do territorio" pra poñer as industrias onde menos amolen e estraguen, e deixar valeiras pra unha agricultura intensiva as poucas terras que en Galicia temos de primeira calidade.

ciencia e sociedade

UNHA VOLTA A INVESTIGACION DO MAR GALEGO

Por

Uxío Labarta

Instituto de Investigacións Pesqueiras (C.S.I.C)

Vigo

Na Galicia preautonómica, que di o Alvarez Pousa, igual ca na do escuro tempo pasado, está cãseque todo de facer. O que cambiou foi a oportunidade histórica de o facer. De ahí que aquela frase meiga: *Axeitado a realidade de galega*, perífrase patética do intuído ó coñecido, ledaíña obrigada en todo comunicado, declaración ou fala en prol da democracia e de Galicia, tras da que se atopaban os anxeios e algunha verdade dos que sabiamos que nos estaban a dar cousas que non íban moi aló coa nosa realidade nacional, trocouse paseniñamente -ás veces con anguria impotente- nun deber por definila.

De tempo vén que na prensa -o sempre nidio don Domingo Quiroga o que máis teima- reclaman nos distintos conflitos da nosa veiramar a opinión científica. O bó si so desta reclamación non ten dúbidas, a investigación do noso mar está, e ben ás vistas, nos alicerces dunha ex-

BRANA. Bol. Soc. Gal. Híst. Nat. Ano 1978, No. 1 (6-17).

plotación racional -a investigación tamén ten de ser racional, que da outra tamén hai- e isto por dous motivos: permite coñecer-la realidade e as leis bio-ecolóxicas polas que se move, e permite facer previsións sobre dos efectos que unha estratexia de explotación económica pode ter con respecto a esa realidade biolóxica.

Os criterios que non houbo.

Desbotando que a investigación mareira non vai polo seu regueiro, ¿cáles son as eivas que se atopan nela?, ¿ou é que non as hai e todo fica nun problema personal -moitos problemas pessoais- de intensidade e entrega ó traballo?.

Face-la segunda pregunta alguén pode tomalo como tolemia, pro xente temos que pensa nela como primeiro motivo dos males deste eido. Son aqueles que coídan que, con esforzo personal, coa vocación, se amañan os problemas políticos da investigación.

Escollendo en primeiro termo o tipo de investigación imprescindible pra que o mar poida ser correctamente explotado, por aquilo de que na mentalidade positivista e desgracidamente tecnoloxizada dun capitalismo este é o tipo de traballo ó que máis axiña se lle poden ver os rendementos, topamos que no se planificou nin planifica (e deixemo-lo futuro pra que o conxugue o pobo se é que lle deixan) baixo ningún tipo de esquema de desenvolvemento do sector, senón que se deixou á investigación campar ó seu aire (gusto/sabor) sen darlle cousa, pro, iso sí, acudindo a ela por causa dun informe desesperado ou da presenza dun "científico" nunha negociación internacional. Informes e asesoramento que moitas das veces non pasaban máis aló dun fato de impresións ou solucións incompletas nas que tiñan que xogar un bõ papel as institucións e a sabencia de que lle tocaba face-lo traballo, a falta de que o termara unha laboura investigadora ben estruturada. Pro

isto, aínda que o pareza non ten nada de sorprendente, e garda unha coherencia só comprensible, porque o feito redúcese a *non facer*, co resto da política do mar nestes pasados tempos, que nunca se remata de ver pasados. Ben; pois se coas liñas de investigación máis acehgadas á planificación extractiva pasou isto, de qué estrañarmonos pola actitude tida prás que -nun absurdo maniqueo máis- se consideran como investigación básica, e que -e a ver se alguén quere/pode entendela- non son máis có alicerce de calquera outro tipo de investigación, porque é a que nos pode dar a explicación global e polo miudo de todo un xeito de funcionamento do mar.

Cando se planificou a investigación.

Coa chegada dos anos 60 -os Plan de Desarrollo-, houbo que lles dar unha volta a tódolos eidos vencellados á economía do país pra tratar de axustalos ó modelo económico capitalista que se botou a andar. E ó darlles volta, as cousas cairon no papel que ben certo é que terma de todo. Pro no que toca á investigación mareira, xa sería moito pedir que ó longo dos tres Plans se mantivera unha liña coherente inda que só fora no papel, e dado que ás veces os resultados non son todo o que se planificou, ollemos anque sexa por riba as propostas que se fixeron vai xa pra vinte anos, non vaia se-lo demo que inda teñan vivencia hoxendía.

Así, na primeira volta, é decír no I Plan de Desarrollo, diante de dous posibles vieiros polos que encarreira-la investigación, escóllese o máis completo, abrangueno a produción de recursos, a tecnoloxía e o seu uso, e a elaboración da pesca. Tamén se tocou neste Plan o feito da existencia de dous organismos de investigación a nivel do Estado (I.E.O. e I.N.I.P.) dos que se di que funcionan "sen a debida conexión e coordinación administrativa",

proponendo a debida conexión e coordinación administrativa", proponendo pra resolvelo "a creación dun organismo oficial único, adicado ó estudo dos problemas científicos do mar".

O balance dos resultados do I Plan, faise no II, no que se di: "No I Plan (1964-1967) non se atendeu o desenvolvemento da investigación pesqueira. Pasaron catro anos e a situación non cambiou. A investigación segue nun estado embrionario, e en relación co estranxeiro as distancias foron a mais en troques de se acurtar". Con este panorama os obxectivos do II Plan están previstos nun dobre nivel: o das posibilidades presentes, e o das necesidades do país, en relación coas clases os obxectivos establecéronse así:

- 1.- Ampliación do número de investigadores.
- 2.- Construcción de buques de investigación.
- 3.- Edificios e construcións.
- 4.- Investigacións a realizar e programas de investigación especiais.

O tempo, este segundo Plan refuga a unificación de organismos con argumentos de coitada lectura e fonda meditación, que ben semellan feitos polos que tencionan amañalos problemas da política de investigación con esforzo personal e vocación: "No I Plan facíanse recomendacións no senso de unifica-los distintos centros de investigación españois e burocratiza-la organización da investigación, sin presta-la suficiente atención ó feito de que os organismos de investigación son froito dun grande entusiasmo e esforzo, e samente se desenrolaron onde había un clima axeitado á investigación e certa concurrencia doutros medios, como laboratorios, bibliotecas, etc., que supliran a insuficiencia de recursos propios (...). A medra orgánica dos centros de investigación que xa hai levará, naturalmente, ó seu mellor axeitamento ós problemas locais e mais a unha mellor distribución xeográfica do esforzo". E paremos aquí os comentarios que ben certo é que sobran, e só nos queda engadir que por suposto non se cubriron os obxectivos pro-

postos mais que nunha cativa parte.

O que se ten que investigar.

Esquecendo, pra o enxergar no conxunto, o que só é actividade económica do mar, co que é o mar, tentemos de defini-los eidos que se teñen que investigar.

Pra isto bõ será colle-lo mar nos seus componentes estruturáais. Denantes de todo o mar é un medio físico (auga e fondos mareiros) no que viven unha grande cantidade de organismos, nunha estreita relación dialéctica co medio e entre eles mesmos. Seguindo á Bioloxía, os organismos podémolos diferenciar en olgas, invertebrados e vertebrados. Algúns dos grupos de olgas e algúns dos invertebrados forman o plancton, primeiro elo da cadea alimenticia do mar.

Na integral de organismos e medio físico -ecosistema- atopámo-los da veiramar, coa particularidade ecolóxica das nosas rías, e a plataforma continental. Na veiramar podemos-lo subdividir en intermareal, peláxico e bentónico, mentres que na plataforma só en peláxico e bentónico.

A parte dos componentes do mar economicamente rentable pró home atopámola nos ecosistemas intermareal, peláxico e bentónico. Os productos do mar que teñen un valor de uso (co seu correspondente valor de cambio) son algunhas olgas, invertebrados explotables (moluscos e crustáceos sobor de todo) e os vertebrados mareiros cãse que todos explotables.

Este produto extraído é o resultado dunha interacción de tódolos componentes do mar (medio físico e outros organismos) entre eles e mesmo coa actividade do home. A colleita é o resultado dun proceso de produción integrado por moitos componentes e escalóns produtivos.

Partindo de todo o devandito amósanseno-los eidos da investigación que cómpre facer no mar, con orixe en dúas concepcións: como estudo e análise dos pasos dun proceso produtivo directo, e como coñecemento dunha realidade que é parte do medio natural no que lle toca ó home de desenvolverse e vivir, e que sometida a alteracións no que é o seu equilibrio natural, vai reverquer sobor das condicións de vida (saúde, benestar) que terá de sufrir.

Asignando pois a cada eido diferenciado susceptible de investigación a disciplina científica que o contempla, temos definidos en poucas liñas os eidos de investigación que se teñen que desenrolar no noso mar.

Eidos de investigación

- 1º degra .- Xeoloxía * Oceanografía * Microbioloxía * Botánica * Zooloxía * Ecoloxía * Bioquímica.
- 2º degra .- Dinámica de poboacións explotables * Acuicultura * Contaminación.
- 3º degra .- Ordenación e regulación das explotacións * Tecnoloxía extractiva * Economía do mar.

O diferenciarmos en tres degreas os eidos de investigación trátase de axusta-lo estudo do mar á cada vez máis alta complexidade da actividade do home sobor del, por canto que a investigación do primeiro degra diríxese a un coñecemento da realidade, o segundo a posibilitar unha acción racional do home sobor do mar, e o terceiro, partindo dos coñecementos obtidos nos dous anteriores, mellorar e ordear-la explotación do mar dacordo cunhas liñas de política de desenvolvemento do noso mar prefixadas con anterioridade.

Certo que pra traballar en calquera degra, aínda

que haxa entre eles unha certa ordenación xerarquizada, escúsase ter cuberta a totalidade dos outros, e o desenvolvemento pode ser parello, canto máis hoxendía que a saída no é da nada, pró cõrrese o risco de que os resultados obtidos nun determinado momento poidan ser refugados pouco máis tarde, ou as medidas de ordenación tomadas poidan levarnos a unha catástrofe aínda meirande cá que se tentaba de evitar. Dividir pois os eidos de investigación en ciencia pura e ciencia aplicada, ou calquera outro tipo de maniqueísmos desta caste, xustificando así o pulo dalgúns e o arredamento dos outros fará que ó remate as saídas se cheguen a pechar.

A infraestrutura que temos.

Certo é que os tempos xa foron peores e tampouco hai porque deci-lo que non é certo, pois se en efectividade, coherencia e racionalidade das liñas de traballo malia se se avanzou algo, no que toca á infraestrutura -e aínda que a trancas- si houbo un certo pulo a partir dos Plan de Desenrolo.

Arestora temos, e xa tiraremos logo algunhas conclusións diso, tres institucións diferentes e catro centros de traballo, aparte da Universidade, investigando no mar galego: Dous centros do Instituto Español de Oceanografía (I.E.O.), un do Instituto Nacional de Investigaciones Pesqueras (I.N.I.P.), e o Centro Experimental do Plan Marisquero de Galicia (C.E.P.M.G.). Sitúanse na Cruña, Vilaxoan (Arousa) e Vigo con dous laboratorios. Rede que con algo mais de infraestrutura prá recolleita de datos, podería cubrir de xeito satisfactorio as necesidades dunha primeira etapa. Asímesmo, a dotación de investigadores -ao redor dunhas 120 persoas entre titulados e técnicos-, e aínda que moitos se atopan nunha situación laboral fondamente inxusta que compriría deixar amañada como paso previo a unha real planificación da investigación, podería servir de "masa crítica" pró desenvolvemento

to dunha pescuda coherente co sector económico ó que está ligada, e que supoña unha verdadeira aportación á cultura científica que non é máis có coñecemento obxectivo da realidade e das leis que a rexen.

Polo que toca á infraestrutura material, 3 dos 4 centros son de feitura posterior a 1970, e con mellores ou peores acertos suponse que cobren as necesidades mínimas que centros de investigación mareira poden ter. A súa capacidade espacial está inda moi por riba do que son as súas necesidades actuais quedando libre espacio dabondo pra ampliacións que xa é tempo de que cheguen, pois esas ó redor de 120 persoas das que falábamos nótanse escasas, e mais se notarían se tiveramos unha política científica do mar ben establecida, xa que non dan abranguido as necesidades do eido en que traballan.

Engadámoslle ó devandito a existencia de catro barcos de motor, pra traballo na veiramar e nas rías, un barco de cativo porte especialmente feito pra traballos de investigación do mar, e por fín o "Cornide de Saavedra" controvertido dende a súa propiedade ata ó uso que del se fai, e froito -un mais- dunha burocracia mesta na que é difícil moverse.

As vistas queda que de onde partir temos. Faltan os obxectivos de traballo e as fontes de financiación; que nelas se pense prós vindeiros tempos é o que imos buscando.

As liñas de traballo actuais.

Achegámonos ó coñecemento das liñas de traballo actuais non é tarefa doada, especialmente por dous motivos: un, a pouca información pública que se dá, e outra a multiplicación delas.

Eidos de traballo	CEPMG	IEO CORUÑA	IEO VIGO	INIP
Oceanografía	*	*	*	*
Microbioloxía	*		*	
Plancton		*		
Olgas				*
Moluscos e crustáceos	*	*	*	*
Peixes		*	*	*
Ecología de praias-rías	*	*	*	*
Pesquerías		*	*	*
Cultivos	*	*		
Contaminación		*	*	*
Tecnoloxía de conservas e subpro.				*
Rede de vixiancia das rías.		*	*	
Asesoría	*	*	*	*

No cadro que aquí vai fixemos un resume da activida de que levan adiante os distintos centros, tentando de se guirmos no posible os eidos denantes delimitados. O cadro ten doenzas, e non é a mais cativa a de que baixo do nome xenérico do eido enmascáranse temas de traballo de grande necesidade e que non se están a facer; ou non aparecen destacadas liñas de verdadeiro interés e que non se están a facer. Pese a todo coidamos que nel se recollen de forma xenérica tódalas actividades de cada centro, anque non se está libre de erros, e tamén aquí puidera ser que os

oubese.

Pola contra, o cadro válenos pra vermos nunha ollada a grande coincidencia nos eidos de traballo que teñen os catro centros, e así en 3 eidos están a traballar o tempo os 4 centros, mentres que noutros catro son tres os que traballan, e só en dous está a traballar un. Isto algo quere decir, e xorde a pouco de matinalo o por que: os catro centros son de tríple dependencia administrativa. Contra disto pódese nos decir que a coincidencia de eidos de traballo non conleva a das liñas e mesmo dos enfoques que se lles dan. Isto é certo ás veces, pro noutras moitas non, coincidindo enteiramente eidos, liñas, enfoques e métodos. E doutra banda nin as posibilidades de financiación son moi altas, nin as disponibilidades de personal e infraestrutura tantas como pra pensar que duplicando liñas se acaden resultados e se poidan dar respostas tan eficaces coma dirixindo dende unha planificación única todo o potencial da investigación do mar galego.

Como remate: algúns criterios a barallar.

Non é cousa de porse aquí, nun remate de oráculo, a dar unha táboa de recetas coas que amaño-los problemas que ten a investigación do mar galego, pro sí cómpre pór no ar algúns criterios que será preciso barallar no intre de planificala.

Cómpre, ó noso sentir, partirmos dunha concepción da investigación como alicerce dunha explotación racional, e tamén como achegamento a unha realidade e ás leis que a rexen. Pra iso hai que desbota-la dualidade ciencia básica-ciencia aplicada e trocala por unha concepción *escalonada* da investigación, anque o camiño a percorrer sexa longo por causa de concepcións ensarilladas no seo da sociedade.

Vimos tamén que temos unha infraestrutura un chis-

co mais que axeitada pra poder encarreirala por uns vieiros, dos que se poden tirar abondosos resultados. A súa eiva principal, a dispersión e, ás veces, contradicións existentes entre os distintos centros de decisión, podería ser arranxada cunha unificación das distintas dependencias administrativas baixo un único organismo galego de investigación do mar. Pro, certo é que só cunha medida burocrática de unificación non se acadará un resultado positivo na planificación investigadora, pois quedan inda por solucionar situacións inxustas ás que están sometidos moitos dos traballadores da investigación, todo o problema das liñas de traballo, da súa financiación, do control de resultados, ...

E é aquí onde convén facer un alto pra vermos dúas cousas nas que por forza cómpre deterse: a financiación e o control.

Asegún sexa o esquema de desenvolvemento que se propoña, a investigación vai ser dun ou doutro xeito. A investigación percura verdades obxectivas, pro a investigación non é neutra, e mesmo non serve pra calquera modelo de desenvolvemento. Isto, inda que no explícitamente, téñeno ben deprendido os que dirixen a investigación ó traveso da súa financiación. E isto é o que cómpre arranxar, pois se o que buscamos é unha ordenación xusta da sociedade, vai sendo tempo xa de desbotar criterios coma o de "riqueza" e trocalos polos de "benestar"; todo isto vén a conto porque tamén na investigación se actuou e actúa con estes criterios, e así financiáronse determinados eidos pola "riqueza" que xeneraban, e non se tiveron en conta outros -lembrémonos da pesca de baixura- que xeneraban mais ben "benestar" (concepto que conleva unha mais xusta distribución da riqueza).

Vencellado a este problema da financiación vennos tras del o do control, non só da financiación senón tamén das liñas de traballo, dos resultados e demais. Lonxe de fuxir, nestes tempos que corren, do control por parte dos interesados de calquera eido da actividade social, tamén

aquí ten algo que deci-la investigación. Pro este control hai por forza que compatibilízalo coa tamén necesaria autonomía dos traballadores da investigación pra levar adiante o seu labor.

O esquema de desenvolvemento cómpre que sexa definido pola sociedade que o ha vivír; as necesidades de investigación pra ese esquema tamén; pro o plantexamento da investigación, a estruturación dos eidos de traballo, dos equipos e dos prazos a cubrir no decorrer do tempo, son problemas que competen ós traballadores da investigación. Esta é a autonomía que precisa a investigación, e non va le rachala asignando os cartos asegún lle conveña ó grupo que os controla, en función dos seus intereses.

Logo deste apunte necesario sobre da autonomía dos que traballan na investigación, cómpre suliñar unha obriga da sociedade, do sector ó que a investigación está ligada, que é o control dos resultados. Un control que ata agora -se é que o houbo, e cando o houbo- levouno somente a xente que estaba no poder; pro nun país que se quere estruturar democráticamente este control terá que estar nas mans de todos, pra que as necesidades a cubrir sexan tamén as de todos.

Ó remate todas estas cousas aquí deseñadas poden abrirnos, cando menos un chisco, o pensamento do vello mariñeiro de Castelao cando fala aquilo de: "As sardiñas volverían se os gobernos quixesen".

trabajos

SINTESIS SOBRE LOS YACIMIENTOS AURIFEROS GALLEGOS

Por

X. Nespereira Iglesias

Colexio Universitario de Ourense

1.- INTRODUCCION

1.1.- El oro en el mundo:

El oro fue uno de los primeros metales utilizados por el hombre y ha sido siempre muy codiciado por su belleza, su escasez y su indestructibilidad; estas razones son los motivos por los que ha sido siempre utilizado como medio de cambio y medida de valor en las transacciones comerciales. Hoy en día y aunque en cantidades moderadas el oro además de su eterno valor ornamental y garante de la estabilidad del papel moneda de una nación, se utiliza en las artes y en la industria, particularmente en aplicaciones militares relacionadas con la energía atómica y cohetes espaciales.

Los minerales de oro de rendimiento económico consisten solo en oro nativo y cantidades menores de teluros de

BRAÑA. Bol. Soc. Gal. Hist. Nat. Año 1978. No. 1 (18-49).

oro, electro y amalgama.

El contenido en oro del mineral oro nativo oscila entre el 80 y el 98%, la del *elektrum* entre el 70 y el 75%; en los telurios, la silvanita $(Au, Ag)Te_4$ Tiene el 24,2%, la calaverita $AuTe_2$ contiene un 43,7% de Au, la kennerita $(Au, Ag)Te_2$ oscila alrededor del 40% y la petzita Ag_3AuTe_2 casi un 25%; el telurio complejo nagyagita $Au(Pb, Sb, Fe)_8(Fe, S)_{11}$ puede llegar a contener hasta un 13% de Au. (Como vemos casi todos los minerales de Au contienen algo de Ag).

Con todo, el oro se encuentra también asociado en innumerables ocasiones con otros minerales metálicos o en la ganga de otros yacimientos, y así es posible la extracción de oro de minerales como la arsenopirita, las piritas, calcopiritas, etc.; como ejemplo de la importancia que llega a tener el oro asociado a otras minas productoras de Au en EEUU 4 eran de filones auríferos, 5 placeres, 10 minas de Cu, 3 minas de Pb-Zn-Cu y 1 de Zn, lo que supone cerca del 70% de su producción asociada a otras explotaciones básicas.

La ganga corriente del oro es el cuarzo, pero también pueden hallarse carbonatos, turmalina, fluorita y algunos más no metálicos. Como queda dicho más arriba, comunmente el Au está contenido íntimamente en sulfuros básicos metálicos y minerales afines o en sus productos de oxidación.

Donde el oro está en la forma nativa y es fácilmente amalgamado o cianurado se dice de él que está libre; cuando se presenta en minerales de difícil tratamiento se le denomina refractario. Su asociado común, la pirita, no ofrece generalmente ninguna dificultad de tratamiento salvo la necesidad de triturarla finamente y tostarla (en métodos más recientes se opta por una mucho menor trituración para disminuir sensiblemente el coste, en detrimento del % recuperable, pudiéndose llegar a recuperar solamente el 60% del oro contenido cuando por los métodos convencionales se llega a casi el 98%). Los minerales de Cu aso

ciados dificultan la cianuración, exigiendo a menudo la tostación o la concentración y fusión. Los minerales arsenicales hacen aún más difícil y caro el tratamiento del mineral lo que exige para su explotación leyes algo superiores a lo normal.

La mayoría de los minerales de oro se tratan por cianuración o amalgamación (con los peligros de toxicidad que ello encierra) o ambas a la vez, con o sin flotación y tostación previa. Los minerales refractarios suelen ser en su mayor parte concentrados y fundidos.

Se estima que la producción mundial de oro desde que se tiene conocimiento de él, oscila alrededor de las 50.000 Tm de las que una muy buena parte se obtuvieron en los últimos 100 años. Así mismo se calcula muy a groso modo en cerca de otras 35.000 Tm las reservas naturales probables, de las que más de un 25% corresponden al contenido en minerales de metales básicos.

Africa del Sur es el país que en términos generales produce cerca del 50% del oro mundial, seguida por la URSS con el 25%, América del Norte el 5% y Asia soviética el 3%.

En cuanto al precio del oro es evidente que su valor en las primeras épocas de nuestra historia era muy superior al actual y se puede afirmar que al menos era de 100 a 200 veces superior, lo que por sí solo explica el por qué de explotaciones como las de As Telleiras en Viana do Bolo con leyes inferiores a 0.05 ppm que actualmente hacen del todo punto inviable su explotación. Con todo el precio del oro aumentó considerablemente en los últimos 5 años pasando de 35 dólares la onza troy (son las unidades usuales en las transacciones auríferas mundiales) hasta casi los 200 dólares, lo que equivale a unas 450.000 Pts. el Kg.

En lo referente al tipo de depósitos que hoy se consideran con valor económico hay que partir siempre de un tonelaje mínimo para cada caso y este depende del tipo de

empresa o explotación minera; en términos generales puede ser válido ya un valor mínimo de 10 a 15 millones de toneladas de material mineralizado y las leyes mínimas que se requieren oscilan alrededor de: de 0.1 a 0.5 ppm en explotaciones con draga; 0.5 a 1 pmm en explotaciones con métodos hidráulicos; de 0.9 a 10 ppm en tajo abierto y a partir de 10 ppm en cualquier tipo de trabajo. Hay compañías mineras que llegan a considerar válidas estas cifras pero incluso en vez de referirse a ppm lo hacen por m^3 lo que equivale a leyes un mínimo 2 veces menores, y así en Colombia se está explotando un yacimiento con solo 30 mg. de Au por m^3 que es el más bajo conocido en explotación y equivale a unos 0.015 ppm.

1.2.- El oro en Galicia:

En España se obtiene oro hoy solamente como subproducto en el tratamiento de minerales de metales básicos (caso de la zona piritífera de Huelva) pero son muy numerosos los lugares con tradición aurífera reciente como es el caso de Rodalquilar en Almería o hace algunas décadas más en La Nava de Ricomanillo (Toledo) o incluso en los aluviones del Luna (León).

Pero dentro de España uno de los lugares en los que desde más antiguo se conoce la presencia de oro e incluso su explotación en otros tiempos masiva, es el Noroeste, incluyendo en él Galicia, Asturias y la provincia de León, a las que se alude al hablar genéricamente de "el oro de los astures".

Hay innegables indicios de explotaciones auríferas celtas, pero sin duda fueron los romanos los que potenciaron al máximo tales explotaciones; Plinio habla que los Astures (incluye Galicia y León) producían 20.000 libras anuales de oro, cifra aún hoy altamente llamativa, y si tenemos presente que los romanos explotaron nuestros yacimientos durante 250 años, la cantidad resultante extraída es realmente asombrosa y de la que cabe suponer que al me

nos la tercera parte corresponde a Galicia.

Es tal y de tan antiguo la tradición aurífera de Galicia que la toponimia del país acusa la presencia de tan preciado metal. Montefurado, Río de Oro, Fazouro, Oural, Oza, Louredo, Lourido, Oira, etc. son nombres no solo evocadores del metal sino que en ellos su presencia ha sido constatada. Así mismo en la cuenca del Ulla y la hoja topográfica de la Estrada encontramos numerosos toponimios similares, y ya no digamos lo explícito del nombre de la vieja Auriense (Ourense) y su primitiva cuna, el pueblecito de Oira en las márgenes del Miño con el evidente testimonio de los antiguos lavaderos auríferos romanos del lugar.

El oro gallego explotado por los romanos no fué solo el que en forma de pepitas aparece en las arenas de algunos ríos como el Sil, Miño, Loña, etc., sino que ya entonces ellos conocían y extraían el oro contenido en la arsenopirita como lo muestran los antiguos yacimientos de Vilachán, El Rosal, Viana, Corcoesto, Cejo, Boboras, Carbaliño, etc. algunos de los cuales son de proporciones verdaderamente enormes.

Como dato curioso se sabe que en los aluviones del Sil y concretamente en términos de Barco de Valdeorras además del contenido de 3 a 10 grs. de Au por m³ y explotados también por los romanos, se acusa la presencia de Platino, cuyo valor real se desconocía hasta hace poco más de 100 años.

El oro gallego no solo se explotó en épocas celtas o romanas, sino que existen pruebas documentales de la concesión de licencias de explotación de minas de oro en años como 1534 en Valdeorras a la condesa de Ribadavia, 1558 en Tamagos, Vincos y Monterrey, en 1575 en términos de Lemos; en 1642 a D. Luis Mesones y Bartolome Fernández en Heres, Valdemolin, Prado Longo, Venera, Doncos, Rubiales (El hoy importante centro minero de Pb-Zn); en 1643 en Mondoñedo y Lorenzana (posiblemente en relación con los yacimientos hoy conocidos para Pb-Zn también); en

1648 y posteriormente en los lugares de Rubiana, Fornelos, Manzaneda, Ramilo y Penouta y Escudeiros (hoy importantes yacimientos wolframo-estanníferos).

En la actualidad el oro lo consideramos como un elemento casi mítico y nos resulta difícil creer en las reales posibilidades de revitalizar su minería en nuestra región. No obstante, en las páginas que siguen intentaremos describir someramente la mayoría de las áreas gallegas en las que se conoce al menos su presencia, sin tratar en un principio de sus posibilidades económicas que por otra parte quedan un poco implícitamente expuestas más arriba al hablar de los tonelajes y leyes necesarios.

2.- YACIMIENTOS TIPO

En principio, y ateniéndonos a nuestro marco regional, establecemos una serie de yacimientos tipo en el NO español, yacimientos que tienen gran similitud con los de su género en el resto del mundo, y que incluso podremos posteriormente agrupar en áreas geográficas más o menos concretas.

Los yacimientos tipo establecidos son:

Intrusivos	Asociados a rocas ácidas	Filonianos	(Fuentechiz)
		Masivos	(El Rosal)
		Intermedios	(Brues)
	Asociados a rocas calcoalcalinas	(Salave)	
De neto control estructural		(Aranga)	
Sedimentarios	Aluviones consolidados	(Médulas)	
	Terrazas fluviales	(Oira)	

En rocas sedimentarias. Calcáreo-Cuarcíticos (Andina)

De alteración. Gossanicos (Oscos)

Así mismo hay un buen número de yacimientos en los que es posible la recuperación de Au como mena secundaria, tal y como ocurre en gran parte de explotaciones estanníferas, y en los que forma parte de la paragénesis normal. (Escudeiros)

Las características básicas de estos yacimientos tipo citados son:

2.1.- Intrusivos asociados a rocas ácidas. Filonianos (FUENTECHIZ).

El oro se encuentra en los filones de cuarzo que arman en granito de dos micas en ocasiones de carácter migmatítico, y directamente relacionado con la presencia de arsenopirita en estos mismos filones. Los filones son de menos de 1 m de potencia y poca corrida reconocible, subverticales y generalmente acompañados de un cotejo de finas vetas de arsenopirita pura también aurífera aunque en menor grado que en el cuarzo, lo que nos hace sospechar en éste la existencia de oro nativo. En ocasiones se encuentran interesantes valores de plata en las salbandas filonianas de la arsenopirita. Las leyes en Au son altas conociéndose valores superiores a los 50 gr/tm y normalmente la media sobrepasa las 10 ppm; por contra, los tonelajes posibles son muy bajos.

2.2.- Intrusivos asociados a rocas ácidas. Masivos (EL ROSAL).

El oro se encuentra en la arsenopirita diseminada en

el granito de dos micas que en las zonas mineralizadas muestra un notable enriquecimiento en moscovita, y cierto grado de alteración clorítica y sericítica. También en menor grado se encuentra oro nativo como se pudo comprobar bateando los niveles edafológicos más bajos del área con diseminación arsenopirítica. Hay también pequeños filones de cuarzo con piritas y limonitas en los que se hallaron contenidos auríferos de hasta 32 ppm. Es posible que también las piritas diseminadas en el granito junto con la arsenopirita sean portadoras de Au. La ley media de este tipo de yacimiento se aproxima a 1 ppm y los tonelajes posibles sobrepasan los 50 millones.

Otro tipo similar al anterior aunque de diferente litología es el de CORCOESTO.

El Oro también aquí se encuentra asociado a la piritita y arsenopirita, pero las rocas que las contienen son de tipo neisico de posible edad precámbrica. No faltan los inevitables filoncillos de cuarzo con piritas y limonitas con llamativas leyes auríferas, pero la ley media del yacimiento es baja, del orden de 0.5 ppm. aunque de nuevo nos encontramos ante importantes tonelajes.

Finalmente un tipo intermedio entre filoniano y masivo, pues realmente posee ambas características, cual es el de BRUES.

El oro fundamentalmente y como casi siempre ocurre en Galicia, se encuentra en la piritita alotriomorfa y la arsenopirita que se concentran en los filones de cuarzo de cerca de 80 cm de potencia y que con irregular frecuencia cruzan una zona de algo más de 100 m de granito de dos micas con ligero carácter migmatítico y con cierta diseminación de tales piritas y alteraciones cloríticas. Las leyes de los filones son altas pues sobrepasan las 10 ppm y en los espacios interfilonianos con esta diseminación de la que hablamos, ronda las 0.8 ppm. El tonelaje en su conjunto es de cierto interés.

2.3.- Intrusivos asociados a rocas calcoalcalinas (SALAVE).

El oro se encuentra en piritas y arsenopiritas diseminadas en granodioritas y en zonas de fuerte alteración clorítica y sericítica, con notable presencia de antimoniata. Asociación litológica de gabros biotíticos-anfibólicos, hipersténicos y piroxénicos, granodioritas, cuarzo-dioritas, aplitas y rocas plagioclásicas alteradas. Intrusión en esquistos en cuyos contactos hay una notable mineralización de molibdenita que solo aparece en la granodiorita asociada a fracturas. Tonelajes interesantes y leyes medias oscilando entre 1 y 2 ppm. Presencia de Au nativo, muy escasa.

Aunque este tipo de yacimiento no lo conocemos tal cual en Galicia, lo incluimos en este trabajo dado su interés litológico y la proximidad a nuestra región (alrededor de 10 Km) y la presencia de indicios similares en los alrededores de Reinante.

2.4.- De neto control estructural. (ARANGA).

Una vez más el oro es aportado por la arsenopirita que acompaña a los numerosos filones de cuarzo, y en mucho menor grado también aparece en estado nativo. La potencia de estos filones rara vez alcanza a 1 m, pero el paquete filoniano más o menos irregular alcanza los 50 m y con un perfecto control estructural durante más de 50 km ya que están ajustados al gran contacto-falla de dirección N NO del N de Galicia, entre el dominio granítico del Oeste y el metamórfico y pizarroso del Este. Las leyes son muy irregulares y rara vez sobrepasan las 5 ppm de media, siendo lo más normal valores entre 1.5 y 2 ppm considerando solo los filones, pues los espacios interfilonianos suelen ser prácticamente estériles (del orden de 0.1 ppm).

2.5.- Sedimentarios. Aluviones consolidados. (LAS MEDULAS).

El oro se encuentra en estado nativo en las arcillas rojas que engloban y empastan a cantos de muy diverso tamaño y naturaleza, aunque predominantemente cuarcíticos. Estos yacimientos pueden considerarse masivos en su conjunto, si bien el mayor contenido aurífero se localiza en niveles concretos interestratificados entre la masa "conglomerática". Las leyes pueden cifrarse como máximo en 0.5 ppm aunque los valores más normales sobrepasan en poco las 0.1 ppm. Los tonelajes de "tierras auríferas" son verdaderamente impresionantes y casi siempre estos depósitos superan con mucho los 100 millones de tm. En cuanto a la edad de estos aluviones-eluviones consolidados puede pensarse en el Mioceno-Plioceno.

2.6.- Sedimentarios. Terrazas fluviales. (OIRA).

